

## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE AER SOBRE REPROBACIÓN DO CONCELLEIRO DE CULTURA

PLENO 13 DECEMBRO 2012. ACTA 21/2012

ANTECEDENTES.-

Moción presentada polo Grupo Municipal de A.E.R., con data 23 de novembro de 2012 no Rexistro Xeral do Concello e baixo o número de rexistro 14533, que transcrita dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No actual mandato, o protagonismo alcanzado polo concelleiro de Cultura no noso Concello chámamos bastante a atención, gustaríanos que fose pola eficacia na súa xestión, pero as súas aparicións continuas nos medios de comunicación tentando, que non conseguindo, aclarar temas referentes aos seus departamentos, así como as habituais disputas coas asociacións culturais e a súa falta de claridade, por non dicir total escuridade, á hora de clarexar as dúbidas que presentamos, deixan moito que desexar. O seu empeño en non asumir responsabilidades e botarlle toda a culpa do divino e do humano á xestión do goberno anterior, fannos ver que Alberto Pazos non é a persoa axeitada para o cargo que desempeña, de feito nin sequera estaba previsto que fose el o destinatario da concellaría de Cultura.

No mes de outubro, Alberto Pazos compareceu a petición propia para tentar explicar a contratación do Lolapop, e a petición de AER para aclarar a xestión económica da súa concellaría. As dúas comparecencias remataron sendo ataques aos grupos maioritarios da oposición, anteriormente no goberno municipal. Non clarexou con datos varias das súas afirmacións e acusacións. Con respecto da comparecencia solicitada por AER, respondeu que non podía dar unha conferencia de contabilidade, cando era unha comparecencia sobre orzamentos.

No máis de ano e medio que leva gobernando o PP, o funcionamento da concellaría de Cultura consiste en dispoñer dos orzamentos ao seu antollo, posto que non existen bases que regulen a adxudicación das subvencións. A esta falta de bases para as subvencións, súmanse tamén uns criterios persoais para dar estas axudas que foron criticados duramente e de xeito público pola maioría das asociacións e colectivos culturais de Redondela.

No que vai de mandato, tivemos varias reunións para falar do Conservatorio Municipal, dixémoslle que supuña un custe enorme para o Concello e que os redondeláns non tiñamos por que subvencionar aos estudantes de fóra da nosa vila; tamén solicitamos información sobre o funcionamento do Conservatorio e non conseguimos nada.

Outra característica que define o funcionamento deste concelleiro é a falta de transparencia, pois a maioría de peticións por rexistro que AER ten sen contestar, corresponden a Cultura. O

feito máis lamentable foi a ocultación do contrato do Lolapop, que sendo asinado o 1 de agosto non foi facilitado a AER ata o 23 de agosto, a pesares de ser pedido por rexistro xa a finais de xullo e reclamado verbalmente no Concello varias veces.

O patrimonio cultural máis importante que temos é o idioma galego. O Concello de Redondela, na busca do fomento do galego e do seu uso normal, dispón dunha Ordenanza Reguladora do Uso do Galego. Pois vemos como o concelleiro de Cultura de Redondela, mostrando unha falta de aprecio polo noso idioma, non se preocupa polo cumprimento desta ordenanza, xa que o cartel do “Carnaval de Verano” non estaba en galego, o contrato do “Lolapop” non estaba en galego e o estudo encargado polo Concello sobre o bambú da EDAR tampouco estaba redactado en galego. Ao mellor non se trata dunha falta de aprecio, senón dunha falta de tempo, xa que Alberto Pazos ocupa diversos cargos ademais de manter o seu traballo como avogado.

**Por todo o anteriormente exposto solicitamos:**

**Que o Pleno do Concello de Redondela acorde reprobar a Don Alberto Pazos pola súa mala xestión á fronte da Concellería de Cultura.”**

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos concelleiros/as, sendo once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 2 do B.N.G. e 1 de A.E.R.), e dez votos en contra (10 do PP), aprobou, nos seus propios termos, a Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-**